

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais. Ano 2017

PROVINCIA DE A CORUÑA

ANO 2017


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	1.566.916	8,0%	2.906.204	8,9%	1,85	0,9%	46,38%	4,30
PENSIÓNS	497.955	-18,2%	787.916	-9,6%	1,58	10,6%	25,87%	-2,95
ESTAB. HOTELEIROS	2.064.871	0,2%	3.694.121	4,4%	1,79	4,2%	39,65%	1,86
APTOS. TURÍSTICOS	69.661	23,5%	180.378	19,1%	2,59	-3,6%	32,60%	6,41
CÁMPINGS	76.164	-0,1%	304.935	-2,8%	4,00	-2,8%	20,30%	0,10
TURISMO RURAL	75.101	-10,1%	156.338	-3,7%	2,08	7,1%	25,15%	0,59
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	220.926	2,2%	641.651	2,2%	2,90	0,0%	-	-
TOTAL	2.285.797	0,4%	4.335.772	4,1%	1,90	3,6%	-	-

Notas


- No pasado ano 2017 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística nos establecementos regrados da provincia de A Coruña. O incremento global sitúase no 4,1% -porcentaxe referida ás noites- grazas en boa medida á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable –nun sentido estrito increméntase nun 0,4%-.
- É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda turística regrada na provincia. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 o nivel de demanda inicia en 2013 un período de comportamento positivo cun incremento do 2,9% que terá continuidade en 2014 –coa suba do 7,4%-, en 2015 –do 7,9%-, en 2016 –do 5,7%- e agora en 2017 –do 4,1%-, porcentaxes referidas ás pernoctacións. Esta dinámica eleva a cifra final a máis de 4,3 millóns de noites, dato que supón un máximo histórico na provincia.
- En termos de viaxeiros aloxados o nivel sitúase preto de 2,3 millóns neste 2017.
- A Coruña absorbe o 41% do total da demanda turística regrada de Galicia. É neste sentido a provincia de maior peso no conxunto da comunidade.

- Neste 2017 o 85,2% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 67,0%- como ás pensións –co 18,2% neste caso-. O 14,8% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,2% da demanda total-, aos cámpings –co 7,0%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,6% neste caso-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento consideradas. Sobe nos hoteis –un 8,9%- e nos apartamentos turísticos –un 19,1%- e cae, sen embargo, nas pensións –un 9,6%-, nos cámpings –un 2,8%- e nos establecementos de turismo rural –un 3,7% neste caso-.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu o 85% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 67,3% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 17,4% e aos españois que proceden do resto do Estado –segmento maioritario que representa o 49,9% do total-. O 32,7% da demanda corresponde ao turismo internacional
 - En síntese, por tanto, o mercado receptor –de fóra de Galicia- supón na Coruña o 82,6% do total. É a provincia con menor peso do turismo interno e, pola contra, aquela con maior peso do mercado internacional –unha de cada tres noites corresponde a viaxeiros estranxeiros-.
 - Obsérvase neste 2017 un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado: cae o turismo interno –un 4,6%- e sobe, en cambio, o receptor nacional –un 5,7%- e o internacional –un 7,8% neste caso-.
- A estadía media no conxunto dos establecementos regrados da provincia sitúase en 1,9 noites de media, cifra que supera nun 3,6% o dato do anterior ano 2016. Este incremento rompe cunha tendencia de caídas consecutivas nos oito anos anteriores, pasando dunha media de 2,3 noites en 2008 a pouco máis de 1,8 noites en 2016.
- Os cámpings son a tipoloxía coa estadía media máis elevada, con 4,0 noites de media neste 2017. Nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural a cifra sitúase por riba das dúas noites –con 2,6 noites nos primeiros e 2,1 noites nos segundos- mentres que nos hoteis e nas pensións fica por debaixo deste nivel. Xustamente son as pensións as que rexistran o valor máis baixo con 1,6 noites de media neste ano.
- Os niveis de ocupación melloran sensiblemente naquelas tipoloxías con comportamento positivo da demanda. É o caso dos hoteis –onde mellora en 4,3 puntos porcentuais- e dos apartamentos turísticos –cunha suba de 6,4 puntos-. Sobe tamén levemente nos establecementos de turismo rural –en 0,6 puntos- como consecuencia neste caso dunha caída da oferta dispoñible superior ao descenso da demanda. Mantense estable nos cámpings e cae nas pensións –en tres puntos porcentuais como consecuencia neste caso do comportamento negativo das pernoctacións-.
- Os hoteis son a tipoloxía que rexistra o nivel de ocupación máis elevado da oferta regrada cun 46,4% de media neste ano. Nos apartamentos turísticos a porcentaxe sitúase no 32,6% mentres que nas restantes tres tipoloxías queda por debaixo do 30% -a cifra máis baixa sitúase nos cámpings cunha ocupación media do 20,3% neste 2017-.


Reparto da demanda turística regrada, por tipoloxías. 2017




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2017/16



Estadía media, por tipoloxías. 2017



Evolución da demanda turística regrada. Noites 2007-17



PROVINCIA DE LUGO

ANO 2017


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	412.509	1,2%	712.142	3,5%	1,73	2,2%	38,14%	1,55
PENSIÓNS	254.938	-7,7%	371.830	-2,8%	1,46	5,3%	24,71%	-0,40
ESTAB. HOTELEIROS	667.449	-2,4%	1.083.971	1,2%	1,62	3,7%	32,12%	0,68
APTOS. TURÍSTICOS	26.492	24,4%	85.115	17,2%	3,21	-5,8%	22,74%	3,06
CÁMPINGS	22.239	14,4%	53.160	14,0%	2,39	-0,3%	-	-
TURISMO RURAL	61.481	12,2%	116.392	9,3%	1,89	-2,6%	18,04%	1,69
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	110.212	15,4%	254.667	12,8%	2,31	-2,2%	-	-
TOTAL	777.660	-0,2%	1.338.638	3,3%	1,72	3,4%	-	-

Notas


- No pasado ano 2017 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística nos establecementos regrados da provincia de Lugo. O incremento global sitúase no 3,3% -porcentaxe referida ás noites- grazas á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable en relación ao anterior 2016
- É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda turística regrada na provincia. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 o nivel de demanda inicia en 2013 un período de comportamento positivo cun incremento do 7,2% que terá continuidade en 2014 –coa suba do 9,1%-, en 2015 –do 9,3%-, en 2016 –do 6,4%- e agora en 2017 –do 3,3%-, porcentaxes referidas ás pernoctacións. Mantense, por tanto, o ritmo de crecemento aínda que se reduce a intensidade do mesmo.
- Esta dinámica eleva a cifra final a máis de 1,3 millóns de noites, dato que supón un máximo histórico na provincia. En termos de viaxeiros aloxados o nivel sitúase preto dos 780 mil neste 2017.
- Lugo absorbe o 13% do total da demanda turística regrada de Galicia. É a terceira provincia de maior peso no conxunto da comunidade.

- Neste 2017 o 81,0% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 53,2%- como ás pensións –co 27,8% neste caso-. O 19,0% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6,4% da demanda total-, aos cámpings –co 4,0%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 8,7% neste caso-.
- Neste ámbito Lugo é a provincia con maior peso das pensións dentro da estrutura da demanda.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento consideradas. Sobe en todas elas agás nas pensións –modalidade que rexistra unha caída do 2,8%-. O nivel de pernoctacións increméntase nun 3,5% nos hoteis e con maior intensidade no segmento extrahoteleiro: un 17,2% nos apartamentos turísticos, un 14,0% nos cámpings e un 9,3% nos establecementos de turismo rural.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu o 81% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 78,3% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 32,0% e aos españois que proceden do resto do Estado –segmento maioritario que representa o 46,2% do total-. O 21,7% da demanda corresponde ao turismo internacional
 - O mercado receptor –de fóra de Galicia- supón, por tanto, o 68,0% do total.
 - Obsérvase neste 2017 un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado: sobe o turismo interno -un 7,6%-, descende o receptor nacional -un 2,1%- e mantense estable, en cambio, o internacional.
- A estadía media no conxunto dos establecementos regrados da provincia sitúase en 1,7 noites de media, cifra que supera nun 3,4% o dato do anterior ano 2016. É o segundo ano consecutivo no que se observa unha mellora da estadía media en Lugo, pasando de 1,5 noites en 2015 a 1,7 agora en 2017.
- Os apartamentos turísticos son a tipoloxía coa estadía media máis elevada, con 3,2 noites de media neste 2017. Nos cámpings a cifra sitúase por riba das dúas noites –con 2,4 en concreto- mentres que nas restantes modalidades fica por debaixo deste nivel. O valor máis baixo rexístrase nas pensións con 1,5 noites de media.
- Os niveis de ocupación melloran en tres tipoloxías concretas: nos hoteis –en 1,6 puntos-, nos apartamentos turísticos –en 3,1 puntos- e nos establecementos de turismo rural –en 1,7 puntos neste caso-, como consecuencia esencialmente do crecemento da demanda. Descende, en cambio, nas pensións –apenas 0,4 puntos-.
- Os hoteis son a tipoloxía que rexistra o nivel de ocupación máis elevado da oferta regrada cun 38,1% de media neste ano. Nas pensións e nos apartamentos turísticos a porcentaxe sitúase por encima do 20% ficando os establecementos de turismo rural coa cifra máis baixa neste caso –cun 18,0% de media-.


Reparto da demanda turística regrada, por tipoloxías. 2017




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2017/16



Estadía media, por tipoloxías. 2017



Evolución da demanda turística regrada. Noites 2007-17



PROVINCIA DE OURENSE

ANO 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	256.578	6,7%	485.861	6,0%	1,89	-0,7%	35,39%	2,24
PENSIÓNS	50.798	-29,6%	123.285	-18,9%	2,43	15,2%	14,91%	-1,66
ESTAB. HOTELEIROS	307.377	-1,7%	609.147	-0,2%	1,98	1,5%	27,66%	1,13
APTOS. TURÍSTICOS	9.048	-20,2%	24.364	-26,9%	2,69	-8,4%	18,97%	-5,81
CÁMPINGS	3.851	14,4%	8.262	14,0%	2,15	-0,3%	-	-
TURISMO RURAL	29.591	-6,1%	52.193	0,0%	1,76	6,4%	16,06%	0,37
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	42.490	-8,1%	84.819	-8,6%	2,00	-0,6%	-	-
TOTAL	349.867	-2,5%	693.966	-1,3%	1,98	1,2%	-	-


Notas

- No pasado ano 2017 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística nos establecementos regrados da provincia de Ourense. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 2,5% e o volume de noites un 1,3%. Son variacións non moi elevadas que nunha perspectiva global falan máis ben de certa estabilidade da demanda en relación ao 2016.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos tres anteriores, de 2014 a 2016, tendencia que conseguira superar por vez primeira a barreira das 700 mil noites. A leve caída deste 2017 sitúa o nivel en 694 mil. En termos de viaxeiros aloxados a cifra sitúase preto das 350 mil neste 2017.
- Ourense absorbe o 6% do total da demanda turística regrada de Galicia. É neste sentido a provincia de menor peso no conxunto da comunidade.
- Neste 2017 o 87,8% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 70,0%- como ás pensións –co 17,8% neste caso-. O 12,2% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos


apartamentos turísticos –que representan o 3,5% da demanda total-, aos cámpings –co 1,2%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 7,5% neste caso-.

- Neste contexto negativo obsérvase un comportamento dispar da demanda nas diferentes tipoloxías de aloxamento consideradas. En particular, sobe nos hoteis –un 6,0%- e nos cámpings –un 14,0%-, cae nas pensións –un 18,9%- e nos apartamentos turísticos –un 26,9%- e mantense invariable nos establecementos de turismo rural. Son dinámicas moi dispares en función da modalidade de aloxamento.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu o 88% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 88,0% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 47,2% e aos españois que proceden do resto do Estado –cun 40,8% neste caso-. O 12,0% da demanda corresponde ao turismo internacional
 - Neste sentido Ourense é a provincia con maior peso do turismo interno e, pola contra, aquela con menor peso do mercado internacional.
 - Obsérvase neste 2017 un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado: sobe e mellora o turismo interno e o internacional –un 2,5% en ambos casos- e descende, en cambio, o receptor nacional –un 3,7% neste caso-.
- A estadía media no conxunto dos establecementos regrados da provincia sitúase en 2,0 noites de media, cifra que supera nun 1,2% o dato do anterior ano 2016. É o segundo ano consecutivo no que se observa unha mellora da estadía media en Ourense, superando nunha décima a cifra de 2015.
- Os apartamentos turísticos son a tipoloxía coa estadía media máis elevada, con 2,7 noites de media neste 2017. Sitúanse a continuación, tamén con valores por encima das dúas noites, as pensións –cunha media de 2,4 noites- e os cámpings –con 2,1 noites neste caso-. No lado contrario rexístran as cifras máis baixas os hoteis –con 1,9 noites- e os establecementos de turismo rural –con 1,8 noites-.
- En relación cos niveis de ocupación obsérvase tamén un comportamento dispar neste ano. En concreto, sobe e mellora nos hoteis –en máis de dous puntos porcentuais por mor dun incremento da demanda- e nos establecementos de turismo rural –apenas medio punto por un axuste da oferta nun contexto de estabilidade da demanda-. Descende, en cambio, nas pensións –en 1,7 puntos- e sobre todo nos apartamentos turísticos –en case seis puntos neste caso-.
- Os hoteis son a tipoloxía que rexistra o nivel de ocupación máis elevado da oferta regrada cun 35,4% de media neste ano. Nas restantes tipoloxías a cifra fica por debaixo do 20% de media sendo as pensións neste caso as que presentan o valor máis modesto –cun 14,9% neste caso-.


Reparto da demanda turística regrada, por tipoloxías. 2017




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2017/16



Estadía media, por tipoloxías. 2017



Evolución da demanda turística regrada. Noites 2007-17



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

ANO 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	1.283.674	13,8%	3.052.997	13,0%	2,38	-0,7%	46,52%	5,23
PENSIÓNS	154.318	9,2%	337.842	5,4%	2,19	-3,4%	27,54%	2,44
ESTAB. HOTELEIROS	1.437.992	13,3%	3.390.840	12,2%	2,36	-0,9%	43,51%	4,89
APTOS. TURÍSTICOS	36.721	1,1%	186.331	5,9%	5,07	4,8%	29,98%	1,70
CÁMPINGS	158.158	-8,8%	565.373	-4,9%	3,57	4,2%	-	-
TURISMO RURAL	51.964	19,3%	124.200	16,9%	2,39	-2,0%	19,58%	4,12
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	246.843	-2,5%	875.904	-0,1%	3,55	2,5%	-	-
TOTAL	1.684.835	10,6%	4.266.744	9,4%	2,53	-1,1%	-	-


Notas

- No pasado ano 2017 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística nos establecementos regrados da provincia de Pontevedra. En particular, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados –un 10,6%- así como o volume de noites –un 9,4% neste caso-. En termos relativos e de intensidade Pontevedra é a provincia de mellor comportamento no conxunto da comunidade.
- É o cuarto ano consecutivo no que se observa unha mellora dos niveis de demanda na provincia. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13 –por mor do efecto pos-xacobeo nun contexto de crise- o volume de pernoctacións recupérase levemente en 2014 –un 2,3% en particular- iniciando desta maneira unha serie de crecementos consecutivos en 2015 –coa suba do 9,0%-, en 2016 –do 14,0%- e agora en 2017 –do 9,4% neste caso-. Tal circunstancia eleva a cifra final a preto de 4,3 millóns de noites, dato que supón un máximo histórico na provincia. De feito, nunca antes se superara a barreira dos catro millóns de noites no conxunto dos establecementos regrados.
- En termos de viaxeiros aloxados o incremento deste ano supera tamén por vez primeira a barreira de 1,6 millóns e sitúase en algo máis de 1,68 en 2017.

- Pontevedra absorbe o 40% do total da demanda turística regrada de Galicia. É neste sentido a segunda provincia de maior peso pero con valores próximos aos rexistrados en A Coruña. Ambas representan máis do 80% do conxunto da comunidade.
- Neste 2017 o 79,5% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 71,6%- como ás pensións –co 7,9% neste caso-. O 20,5% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,4% da demanda total-, aos cámpings –co 13,3%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,9% neste caso-.
- Pontevedra é a provincia que ten menor peso das pensións –apenas absorben o 8% do total da demanda- e, en cambio, a que ten maior peso dos hoteis –con case o 72%- e sobre todo dos cámpings –que representan neste caso máis do 13%-.
- Neste contexto obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo da demanda en case todas as tipoloxías de aloxamento consideradas. A excepción vén da man dos cámpings que amosan unha caída do 4,9%. O incremento é máis intenso nos hoteis –que presentan unha suba do 13,0%- e nos establecementos de turismo rural –que rexistran un incremento neste caso do 16,9%-. Nas pensións e nos apartamentos turísticos o crecemento da demanda sitúase no 5,4% e 5,9% respectivamente.
- Só para o ámbito hoteleiro –que representa tal como se viu preto do 80% do total das pernoctacións- obsérvase que:
 - O 82,4% da demanda corresponde ao turismo nacional, cifra que engloba ao mercado interno –dos residentes en Galicia- cun 25,5% e aos españois que proceden do resto do Estado –segmento maioritario cun 56,8% neste caso-. O 17,6% da demanda corresponde ao turismo internacional
 - Neste sentido Pontevedra é a provincia con maior peso do turismo receptor nacional –aquele que procede do resto do Estado- cun 57% do total.
 - Obsérvase neste 2017 un comportamento positivo dos tres grandes segmentos de mercado: sobe o turismo interno un 6,2%, o receptor nacional un 13,3% e o internacional un 18,1% -cifras referidas ás pernoctacións e que veñen como consecuencia dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados-.
- A estadía media no conxunto dos establecementos regrados da provincia sitúase en 2,5 noites de media, cifra que descende un 1,1% en relación ao anterior ano 2016. Neste 2017 mantense en esencia a tendencia negativa da estadía media na provincia pois descende de forma practicamente consecutiva desde o ano 2011 –pasando dunha media de 2,8 noites en 2010 a 2,5 noites agora en 2017-.
- Os apartamentos turísticos son, con diferenza, a tipoloxía coa estadía media máis elevada, con 5,1 noites de media neste 2017. Nos cámpings a cifra sitúase en 3,6 noites mentres que nas restantes tres modalidades fica por debaixo das tres noites: con 2,4 noites nos hoteis e nos establecementos de turismo rural, e con 2,2 noites nas pensións.
- A pesar da leve caída Pontevedra rexistra a cifra de estadía media máis elevada de todas as provincias, circunstancia que acontece ademais en todas as tipoloxías de aloxamento. Todas as modalidades rexistran en Pontevedra os valores máis altos da comunidade.

- Como consecuencia do bo comportamento da demanda os niveis de ocupación melloran en todas as tipoloxías, con diversa intensidade. Os incrementos máis destacados sitúanse nos hoteis –de máis de cinco puntos- e nos establecementos de turismo rural –de 4,1 puntos neste caso-. Nas pensións o incremento sitúase en 2,4 puntos mentres que nos apartamentos turísticos a mellora é de 1,7 puntos.
- Os hoteis son a tipoloxía que rexistra o nivel de ocupación máis elevado da oferta regrada cun 46,5% de media neste ano. Baixa a cifras próximas ao 30% nas pensións e nos apartamentos turísticos e fica no 19,6% nos establecementos de turismo rural


Reparto da demanda turística regrada, por tipoloxías. 2017




Variación da demanda turística, por tipoloxías. Noites 2017/16



Estadía media, por tipoloxías. 2017



Evolución da demanda turística regrada. Noites 2007-17




ANÁLISE COMPARATIVA


Análise comparativa

- A Coruña e Pontevedra son claramente as dúas provincias de maior volume e peso na estrutura da demanda turística de Galicia, circunstancia que se asocia claramente á presenza dun maior número de establecementos e prazas de aloxamento. Ambas agrupan a máis do 80% da demanda quedando a cifra restante para Lugo –que absorbe ao 13%- e Ourense –co 6% neste caso-.
- Estas porcentaxes varían levemente en función das modalidades de aloxamento. No caso das pensións, por exemplo, obsérvase maior concentración da demanda nas provincias do norte –o 48,6% das pernoctacións desta tipoloxía localízase na provincia de A Coruña e o 22,9% en Lugo-. Ambas absorben, por tanto, ao 72% do total da comunidade.
- Tamén se observan diferenzas destacadas no ámbito dos cámpings. Neste caso o 61% das pernoctacións concéntrase nunha soa provincia, en Pontevedra. En Lugo e Ourense este segmento apenas ten peso e importancia: absorben ao 5,7% e 0,9% das noites desta tipoloxía.
- As provincias do interior gañan cuota no segmento de turismo rural. Aquí absorben ao 25,9% e 11,6% do total das pernoctacións desta modalidade a nivel de Galicia. En A Coruña concéntrase o 34,8% mentres que en Pontevedra queda o 27,7%. Desde o punto de vista da distribución territorial o segmento de turismo rural é o que amosa maior presenza e dispersión por toda a xeografía galega.
- O bo comportamento da demanda turística a nivel de Galicia é unha característica que se observa en tres das catro provincias. En particular, sobe e mellora a demanda en A Coruña –un 4,1%-, en Lugo –un 3,3%- e en Pontevedra –un 9,4% neste caso-. Tan só Ourense presenta un comportamento negativo cunha leve caída do 1,3%.
- Pontevedra é neste ano a provincia de mellor comportamento da demanda turística no conxunto dos establecementos regrados. O incremento do 9,4% permite xerar preto de 370 mil novas pernoctacións en relación ao anterior 2016. En A Coruña a mellora tradúcese na xeración neste caso de case 170 mil novas pernoctacións respecto do dato de 2016.
- A estadía media no conxunto da oferta regrada é maior en Pontevedra –con pouco máis de 2,5 noites de media- en comparacións coas restantes tres provincias –onde se sitúa por debaixo das dúas noites-. O valor máis baixo rexístrase en Lugo con 1,7 noites de media.
- Varía tamén de forma dispar: sobe algo máis dun 3% en A Coruña e Lugo, un 1,2% en Ourense e descende, en cambio, un 1,1% en Pontevedra.


Reparto da demanda turística regrada, por provincias. 2017



Reparto da demanda turística de cada tipoloxía, por provincias. 2017



Variación da demanda turística, por provincias. Noites 2017/16



Estadía media no aloxamento regrado, por provincias. 2017

